



EXPEDIENTE: 2024/ABSO/000004

**ASUNTO: EXTENSIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA PARA
SUBMINISTRO AO HOSPITAL DE MONTECELO.**

INFORME

No marco do acto que se celebrou o pasado 24/07/2024, a mesa de contratación procedeu á aceptación do informe emitido pola OTMAIES en relación coa documentación contida no sobre electrónico único, no que se indica que as empresas CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. e MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., de acordo co establecido no prego de cláusulas particulares que rexe este contrato, estarían en presunción de anormalidade, e acordou, de acordo co PCAP, requirirlle aos licitadores con oferta en presunción de anormalidade que xustificaran a viabilidade da súa oferta. Responde ao requirimento no prazo sinalado na cláusula 9 do PCAP unicamente a empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., que presenta a súa xustificación o día 31/07/2024. A xustificación presentada se lle traslada a este servizo da OTMAIES para a emisión de informe. Polo anteriormente exposto e á vista da documentación achegada polos licitadores, quen subscribe informa:

XUSTIFICACIÓN OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS

A xustificación, de acordo coa cláusula 9 do PCAP, ten que referirse nos termos sinalados no artigo 149.4 da LCSP.

Deste xeito, debe xustificarse e desagregarse o baixo nivel da oferta en base ás condicións da oferta referentes aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar produtos, prestar servizos ou executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou





laboral e de subcontratación non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.

e) A posible obtención dunha axuda do Estado.

Tendo en conta o anterior, no referente a xustificación achegada por CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. sinálase o seguinte:

a) O aforro que permite o método de construción xustifícase no uso de medios humanos e materiais propios coa excepción dos traballos de carácter eléctrico, achegándose unha listaxe maquinaria dispoñible; na disposición dun sistema de xestión acreditado da calidade así como dun sistema de xestión da seguridade e saúde no traballo e dun sistema de xestión ambiental; na existencia de acordos con provedores, na súa meirande parte locais, achegándose unha listaxe destes e as tarifas acordadas; e na súa experiencia en obras de semellantes características executadas nos últimos anos pola provincia de Pontevedra, achegándose unha listaxe destas e información gráfica relativa a algunha destas.

b) As solucións técnicas e condicións favorables para executar as obras xustifícanse na súa experiencia acreditada en obras de semellantes características; e en contar co compromiso acreditado, mediante as correspondentes tarifas e presupostos, de provedores así como, no relativo os traballos de carácter eléctrico, de subcontratas.

c) A innovación e orixinalidade das solucións para executar as obras xustifícanse na súa experiencia acreditada na execución de obras semellantes ás do contrato, e en contar con autorización para a xestión de residuos en planta móbil.

d) O respecto ás obrigacións aplicables en materia medioambiental, social ou laboral xustifícanse na disposición dun sistema de xestión acreditado da seguridade e saúde no traballo de acordo coa norma ISO 45001:2018, dun sistema de xestión acreditado da calidade de acordo coa norma UNE-EN ISO 9001:2015 e dun sistema de xestión acreditado de xestión ambiental de acordo coa norma UNE-EN ISO 14001:2015. Tamén, acréditase contar con autorización para a xestión de residuos en planta móbil e a súa inscrición no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia por Resolución do 25 de setembro de 2015 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental . Do mesmo xeito, maniféstase, mediante declaración responsable, o respecto aos dereitos laborais dos traballadores que se asignarán á obra.

e) No relativo a posible obtención de axudas do Estado non existe no documento ningunha





manifestación ao respecto.

Achégase, á vista dos condicionantes da oferta, un resumo xeral cos importes ofertados para cada capítulo e os esperados de execución material xunto cunha desagregación detallada dos custes esperados de cada partida do proxecto en función do rendemento estimado para cada unidade de obra, sinalase que os rendementos estimáronse en base aos resultados obtidos en innumerables traballos realizados. Ademais, achégase, con xustificación da súa maneira de obtención, un cronograma estimativo cos prazos de execución das actuacións previstas.

Na desagregación dos custes de execución material esperados das partidas aplica as tarifas oficiais que teñen xunto cos prezos ofertados polos provedores para o capítulo de obra civil ao que engade un 3% en concepto de medios auxiliares en cada partida, aplica os prezos presupostados pola subcontrata ELECNOR, S.A. para o capítulo de obra eléctrica así como para o capítulo de xestión administrativa, e mantén os custes reflectidos no proxecto de obra para a licitación para os capítulos seguridade e saúde e o de xestión de residuos.

En relación cos importes ofertados que constan no resumo xeral, estes difiren dos esperados nos capítulos de obra civil (á baixa), obra eléctrica (á alta) e de xestión administrativa (á baixa) sen que se sinale as partidas ás que afectan estas variacións. Sobre o conxunto destes importes de execución material ofertados aplica un 13% de gastos xerais e un 6% de beneficio industrial que coinciden cos expostos no proxecto de obra para licitación. O beneficio económico neto antes de IVE obtido é de 24.566,78 €.

No relativo ao cronograma estimativo cos prazos de execución das actuacións previstas estima un prazo de execución total de 2 meses, sensiblemente inferior aos 6 meses que constan no proxecto de obra para licitación. Neste cronograma non se teñen en conta os prazos dos procedementos administrativos asociados coas autorizacións deste tipo de instalacións que elevan de forma salientable os prazos e que se tiveron en conta á hora de establecer o prazo que consta no proxecto de obra para licitación.

Polo tanto, tendo en conta o sinalado, a falta da desagregación dos custes ofertados de cada partida do proxecto fai que a xustificación estea incompleta, ao non permitir a comparación entre as partidas proxectadas e as ofertadas para o estudo da súa viabilidade.

Polo exposto, a xuízo de quen informa, o licitador **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.** non xustifica suficientemente a viabilidade da súa oferta en presunción de anormalidade polo que se entende que procedería a exclusión desta.

Doutra banda, o licitador **MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.** non presenta xustificación da





viabilidade da súa oferta en presunción de anormalidade polo que débese proceder a exclusión desta.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS OFERTAS

Os criterios de avaliación das ofertas, de acordo co anexo II do PCAP, son:

1. Oferta económica ata 90 puntos outorgados do seguinte xeito:

-Á oferta máis económica 90 puntos.

-Para o resto de ofertas segundo a regra de proporcionalidade:

$$Puntos\ licitador = \frac{90 \times \text{Oferta máis económica}}{\text{Oferta licitador}}$$

2. Redución do prazo de execución ata 10 puntos outorgados do seguinte xeito:

-Por cada 15 días que se reduza o prazo de execución respecto do indicado de 6 meses 5 puntos.

Tendo en conta o anteriormente comentado, a valoración das proposicións presentadas polos licitadores aceptados é a seguinte:

VALORACIÓN OFERTA ECONÓMICA

Licitador	Prezo ofertado	Valoración oferta económica
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	286.766,95 €	90,00
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.	312.097,02 €	82,70

VALORACIÓN REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

Os dous licitadores ofertan unha redución do prazo de execución dun mes respecto do indicado de 6 meses polo que:





Licitador	Valoración redución do prazo de execución
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	10,00
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.	10,00

VALORACIÓN FINAL

Á vista das puntuacións dos criterios avaliados das ofertas, tense a seguinte valoración final e clasificación das ofertas presentadas:

Licitador	Valoración oferta económica	Valoración redución do prazo de execución	Valoración final
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	90,00	10,00	100,00
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.	82,70	10,00	92,70

Licitador	Valoración final	Clasificación
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	100,00	1
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.	92,70	2

Polo exposto a **oferta máis vantaxosa** é a presentada polo licitador **CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.**





**Concello
de Pontevedra**

Oficina técnica
de Medio Ambiente,
Infraestrutura,
Enxeñería e Servizos

Casa da Luz
Praza da Verdura s/n
CP 36071 Pontevedra
Tlf: 986 80 43-14

sede.pontevedra.gal

Pontevedra, na data da sinatura

